

Guía do curso G2101047

Crear cursos Platega



Do 28 de setembro ao 9 de decembro de 2021

Índice

1. Descrición do curso.....	3
2. Persoas titoras.....	3
3. Obxectivos.....	3
4. Competencias profesionais do profesorado.....	3
5. Contidos e desempeños.....	5
6. Metodoloxía.....	6
7. Seguimento e desenvolvemento do curso.....	8
8. Comunicación coas persoas titoras.....	9
9. Avaliación.....	9
11. Aplicación práctica nas aulas.....	12
12. Requisitos para seguir o curso.....	12
13. Protocolo para participar nos cursos Platega.....	12

1. Descrición do curso

O curso aporta as competencias profesionais necesarias para crear cursos Platega de acordo ás directrices e especificacións do CAFI. O participante que supere este curso deberá ser quen de deseñar e desenvolver cursos para formar ao profesorado galego. Niso consistirá o proxecto final: asignarase un curso virtual de prácticas creado co [Modelo de cursos Platega](#) a cada participante. Este Modelo xa recolle os aspectos comúns aos cursos Platega e nel practícaranse os desempeños necesarios para deseñar e crear cursos Platega. O obxectivo final é **deseñar un curso Platega e comezar a crealo no curso de prácticas**. A adquisición dos desempeños aprendidos e practicados deben materializarse e evidenciarse no proxecto final elaborado.

Para contextualizar a adquisición dos desempeños deste curso imos situarnos nun destes escenarios:

- Queres actualizar e enfocar o curso Platega que creaches fai tempo e/ou que titorizas actualmente cara as [competencias profesionais docentes](#) e adaptalo as [directrices dos cursos Platega](#) establecidas polo CAFI.
- Tes unha idea orixinal para crear un curso Platega novo e desexas contribuír á formación do profesorado galego. Queres deseñalo e comezar a crealo mediante un Grupo de traballo, unha Licenza de formación de modalidade 5 ou cedéndoo a Platega.

Nun destes **contextos** deben situarse as aprendizaxes e practicar os desempeños. Organizaremos a elaboración do proxecto final en dúas fases:

1. **Deseñar un curso Platega** enfocado cara as competencias profesionais docentes e as directrices dos cursos Platega establecidas polo CAFI.
2. **Comezar a desenvolvelo** sobre a base do Modelo de cursos Platega.

2. Persoas titoras



Victoria Penide López
Profesora de Alemán en Escolas
Oficiais de Idiomas
Titora do grupo B



Francisca Vega Mondelo
Profesora de ESO e
Bacharelato
Titora do grupo A

3. Obxectivos

Dous son os obxectivos fundamentais:

1. Ser quen de deseñar cursos de formación do profesorado en Platega de acordo coas competencias profesionais docentes.
2. Crear cursos de formación para Platega de acordo coas directrices do CAFI.

4. Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de Competencias Profesionais Docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través deste curso formaraste prioritariamente nas seguintes competencias e subcompetencias:

1. Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a

Subcompetencia:

2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Aifln. *O/a docente dominará a didáctica específica da área, materia e/ou módulo correspondente así como metodoloxías activas e inclusivas, facilitando a aprendizaxe activa tanto individual como en grupo. Na súa actividade docente, saberá integrar a metodoloxía didáctica en ambientes virtuais de aprendizaxe, ambientes mixtos ou presenciais con apoio TIC. Definirá as necesidades de información, buscándoa, avaliándoa e comunicándoa. Saberá transformar, estruturar e xestionar a información eticamente, comprendendo as características e papeis dos distintos medios. Tamén apoiará o desenvolvemento destas capacidades no alumnado. Amais diso, poderá crear un ambiente persoal de aprendizaxe dixital propio e fomentar o mesmo proceso no alumnado. O seu traballo será motivador no pensamento crítico nos/as alumnos/as*

Traballaremos aspectos referentes ao deseño instrucional de cursos, á didáctica e o traballo colaborativo en ambientes virtuais de aprendizaxe, emprego ético da información transformándoa, a avaliación na formación en liña.

A formación do profesorado presenta unha singularidades diferentes á formación dos estudantes, pois estamos a formar formadores e, ademais, dun xeito virtual. Isto condiciona tanto a finalidade das aprendizaxes como o medio de facelas. Cómpre darlle un enfoque ao curso desde as competencias profesionais docentes e, por, iso, ensinar ao profesorado participante a “saber facer”, evitando ensinar unicamente a “saber”. Por esta razón os contidos ---entendidos ao xeito clásico do termo--- pasan a un segundo plano ocupando o primeira as “accións” dos participantes, é dicir as tarefas que deben “saber facer”. Deliberadamente quérese evitar un curso “transmisor”, é dicir, centrado na transferencia de contidos aos participantes ou “instrumental”, é dicir, ensinar o manexo de aplicacións informáticas (Moodle e eXeLearning) para deixar paso ao desenvolvemento de tarefas, guiadas e con información e apoio, nas que os participantes adquiren e practican os desempeños (o saber facer) necesarios para executar o proxecto final máis arriba comentado.

4. Investigador/a e innovador/a

Subcompetencia:

19. Realización e execución de propostas. *É fundamental acompañar o interese permanente pola mellora da propia competencia profesional dun sentimento de responsabilidade e compromiso coa educación e co propio proceso formativo. Con esta finalidade o/a docente competente fará propostas de cambio con entusiasmo e optimismo a nivel pedagóxico, e executará aquelas que contribúan ao progreso educativo. Amosará actitude intuitiva para o seu desenvolvemento, con flexibilidade e afán de adaptación aos cambios, así como autodeterminación, optimismo, iniciativa, tenacidade e inquietude de perfeccionamento. Estará ao tanto de todas as actualizacións curriculares que puideran producirse, anticipándose aos cambios e sendo creativo/a. Será receptivo/a ante achegas doutros, valorando positivamente e desde o respecto con actitude receptiva, crítica e interese participativa.*

Enfocarémola cara a formación do profesorado: para adquirir as competencias profesionais docentes necesarias para ser quen de deseñar e crear cursos que formen ao profesorado e o poñan na vangarda educativa aprendendo novas metodoloxías e novas técnicas de aprendizaxe e comunicación (TAC), para actualizalo en coñecementos e habilidades, para amosarlle estratexias didácticas, para introducir innovacións, etc.

Formar a creadores de cursos Platega destinados a poñer ao profesorado galego na vangarda tanto das metodoloxías didácticas e pedagóxicas como na actualización dos contidos. Crear cursos virtuais con esta dobre finalidade

7. Competente en TIC Inevitablemente temos que tocar esta subcompetencia, aínda que non é obxectivo deste curso pois parte dun nivel de dominio das aplicacións informáticas empregadas.

Subcompetencia:

24. Software. Coñece e manexa software para xestión, emprego na aula, comunicación e traballo colaborativo (p.ex. redes sociais), creación de contidos (p.ex. ferramentas de autor) etc.

No curso manexaranse principalmente dúas ferramentas informáticas Moodle e eXeLearning aplicadas á creación de cursos de formación do profesorado para Platega. O obxectivo do curso non é a aprendizaxe do manexo destas aplicacións (lembramos que este curso non é “instrumental”) senón a súa aplicación á creación de cursos de formación do profesorado galego. Coñeceremos e practicaremos aspectos destas aplicacións relevantes para a formación do profesorado en cursos en liña.

Ao rematar o curso avaliaremos unicamente as dúas primeiras subcompetencias mediante a escala Inexistente-iniciada / En proceso / Conseguida / Exemplar e cun peso de 20 puntos sobre 100 na cualificación final.

5. Contidos e desempeños

Este curso parte dun nivel medio tanto de Moodle como de eXeLearning. Para seguir o curso sen dificultades nin ter que adicar tempo extra os participantes deben de ter estes desempeños antes do inicio do curso:

- Crea e configura un curso virtual creado con **Moodle**
- Móvese con soltura dentro dun curso virtual.
- Edita a configuración e os contidos dun curso.
- Usa o editor de texto de Moodle.
- Xestiona os seus ficheiros na Plataforma.
- Insire e maqueta imaxes co editor de Moodle.
- Xestiona o banco de preguntas para crear “probas”.
- Organiza os Bloques de Moodle.
- Engade e configura os recursos de Moodle: “Etiqueta”, “Páxina”, “Cartafoi”, “URL”, “Libro”, “Ficheiro”
- Engade e configura actividades de Moodle “Foros”, “Base de datos”, “Conversa”, “Glosario”, “Wiki”
- Engade e configura actividades de avaliación de Moodle “Comentarios”, “Proba”, “Tarefa” e “Obradoiro”
- Empaqueta contidos e recursos educativos cos recursos de Moodle “Páxina” e “Libro” e paquetes con **eXeLearning** mesmo con actividades interactivas de autoavaliación.
- Exporta paquetes de contidos de eXeLearning aos formatos ePub e Ficheiro ZIP
- Publica os paquetes de contidos nun curso virtual.

Ao longo do curso adquiriranse e practicaránse estes outros desempeños

- Atribúe a propiedade intelectual dos recursos propios e alleos.
- Referencia con corrección sitios web ou documentos publicados en Internet de acordo a estándares de cita e referencia.
- Fai o deseño tecno-pedagóxico dun curso virtual especificamente destinado á formación do profesorado en Platega.
- Crea e exporta paquetes de contidos (eXeLearning) co estilo Platega como sitios web para publicalos nun curso virtual como HTML e en formato ePub para compartilos nos cursos.
- Configura o “Completado da actividade” dos ítems dun curso virtual.

- Configura “Grupos de escolla” para crear subgrupos de participantes.
- Configura e xestiona instrumentos (actividades) de avaliación: “Comentarios”, “Proba”, “Tarefa” con guía de corrección, “Obradoiro” con guía e rúbrica de avaliación.
- Configura “Resultados” nas tarefas para avaliar as subcompetencias.
- Configura o “Libro de cualificacións” ou “Cualificador”.

6. Metodoloxía

Practicaremos a aprendizaxe construtiva e significativa, partindo dos coñecementos iniciais dos participantes para procurar ampliar, afianzar e desenvolvelos. Ten moi presente que algúns coñecementos iniciais necesarios e imprescindibles para este curso suponse adquiridos e non se estudan neste curso, pártese deles. O curso está enfocado cara a creación de cursos Platega e é eminentemente práctico.

As aprendizaxes prácticas realizaranse nun curso virtual de prácticas similar aos cursos Platega reais. Os participantes traballarán de xeito autorregulado, determinando cada participante o seu ritmo de traballo dentro das marxes estipuladas polas datas de cada módulo e a interacción necesaria coas compañeiras e compañeiros. En ocasións haberá traballos cooperativos, cando sexa posible aplicar esta metodoloxía.

A información de apoio necesaria para desenvolver o curso e labor titorial está fundamentalmente nos Espazo de poio á Creación de cursos Platega aos que se poderá acceder libremente.

- Seguimento e desenvolvemento do curso.

Ao comezo de cada módulo atoparás a **Folla de ruta** correspondente; nela preséntanse:

- a finalidade dese módulo, comentado na súa cabeceira
- os medios de comunicación entre participantes empregados,
- as actividades e tarefas que cómpre desenvolver e
- a información dispoñible para a súa consulta.

A adquisición dos desempeños faise de xeito práctico, é dicir, “facendo”, non teorizando ou “sabendo”. Por iso, o obxectivo debe ser sempre aprender a “saber facer”. Esta perspectiva didáctica leva a que as tarefas sexan as protagonistas do curso, antes que os contidos: os enunciados das tarefas cos pasos que deben darse e a información que pode consultarse son o núcleo do curso. Non esperes atopar un curso “transmisor” ou “instrumental”, é dicir un curso no que recoller información ou aprender a manexar un programa informático. Antes ben, aprenderás a “saber facer” facendo as actividades propostas.

Os contidos do curso están divididos en 5 módulos:

Módulo 0. Presentación e actividades iniciais destinado a constituír a comunidade de aprendizaxe presentándonos e a familiarizarnos co entorno virtual no que se desenvolverá o curso.

Módulo 1. Deseño tecno-pedagóxico do curso virtual destinado a coñecer as especificacións que debe cumprir un curso Platega, a deseñar un curso a partir das subcompetencias profesionais e do proxecto final, a elaborar unha guía dun curso similar a esta que estas a ler agora e a respectar a propiedade intelectual e saber facer a atribución legal e ética dos recursos empregados. Tarefas:

-  **1.1 Coñece e aplica as especificacións dos cursos Platega.** Tarefa consistente en analizar o curso *Titorizar cursos Platega* coa listaxe de cotexo das especificacións dos cursos Platega para comprobar se as cumpren ou non. O obxectivo principal é coñecer esas especificacións. **Sabes que características debe ter un curso Platega?**
-  **1.2 Deseña un curso acorde coas directrices e especificacións dos cursos Platega.** Esta é a tarefa principal deste tema... e do curso, pois nela fráguese o proxecto final ao elaborar os seus planos. **Como vou estruturar o curso e os temas ou módulos? Como se desenvolve un curso a partir das competencias profesionais?**
-  **1.3 Elabora a Guía do curso.** Reúne a información básica do curso neste documento que os participantes lerán para decidir se fan o teu curso ou para consultar o calendario de actividades ou a puntuación das tarefas do curso. Esta tarefa desenvolverémola ao longo do curso, por iso non a avaliaremos ata rematar o Módulo 3. **Que información sobre o teu**

curso queres transmitir aos participantes?

-  **1.4 Atribúe a propiedade intelectual dos recursos propios e alleos.** O respecto á Propiedade intelectual é outra peza básica dun curso Platega pois temos a obriga ética e legal de respectar os dereitos dos demais. Aínda que iniciamos esta tarefa neste módulo non a avaliaremos ata o final para ter tempo de aprender que recursos alleos podemos empregar e cales non e como debemos atribuílos aos seus autores ou autoras. **Sabes que recursos alleos (doutras persoas) que atopas, por exemplo en Internet podes usar legalmente? Sabes como debes atribuír a propiedade intelectual?**
-  **1.5 Referencia correctamente sitios web ou documentos ubicados en Internet.** Outro desempeño necesario cando estamos a elaborar recursos que se publicarán nun sitio web institucional: referenciar os recursos empregados no curso atopados na rede. Cando referenciamos un libro indicamos o seu autor, título ano de publicación, editorial etc... pero, **sabes como debes referenciar un sitio web ou un documento pdf?**

Módulo 2. Crear cursos virtuais e empaquetar contidos despois da fase “teórica” do módulo anterior comezaremos neste módulo a crear o curso virtual do proxecto final neste módulo centrado na configuración do curso, o Completado de actividade O Acceso restrinxido para crear secuencias de pasos), a configuración da avaliación das competencias profesionais, empaquetado dos contidos e a configuración do cualificador ou Libro de cualificacións dos participantes. Tarefas:

- **2.1 Auto e coavaliación: Crear cursos e empaquetar contidos** Neste obradoiro auto e coavaliarás estas catro tarefas:
 -  **2.1.1. Configura un curso virtual para Platega.** Poñerlle título e autoría, actualizar o cancelo en Twitter do curso, configurar o seguimento de completado e configurar secuencias de accións serán os desempeños que practicaremos nesta tarefa. **Es quen de realizar estas operacións?**
 -  **2.1.2 Insire as subcompetencias profesionais docentes no curso do proxecto final.** Debemos informar aos participantes no curso que competencias e subcompetencias profesionais docentes se traballan no curso e farémolo en tres lugares diferentes con niveis de explicación diferentes. **Onde e como informaremos aos participantes das subcompetencias que adquiriran no curso?**
 -  **2.1.3 Configura foros para un debate organizado en subgrupos.** Nos cursos Platega constitúense comunidades de aprendizaxe heteroxéneas e, as veces convén organizar subgrupos por afinidades, intereses, niveis educativos etc... **Sabes como se pode facer isto nun curso virtual?**
 -  **2.1.4 Empaqueta contidos e publica paquetes como sitios web.** Nos cursos de formación é habitual transmitir aos participantes información de diferente tipo como documentos, imaxes, vídeos, presentacións, infografías etc... que debemos organizar e presentar ordenadamente. **Sabes como "empaquetar" e presentar información de diferentes tipos? Que recursos ou ferramentas debes empregar para empaquetar a información?**
-  **2.2 Configura o Cualificador.** A avaliación e cualificación mediante puntos é importante pois iso informa aos participantes sobre a súa evolución no curso e determina quen van certificar a formación por ter acadados 80 puntos dos 100 posibles. **Sabes como levar o control das puntuacións obtidas polos participantes?**

Módulo 3. Avaliación nos cursos Platega, aspecto clave dos procesos de ensino /aprendizaxe. Avaliar na formación en liña esixe coñecer as ferramentas que a aula virtual ofrece para avaliar a adquisición dos desempeños dos participantes necesarios para desenvolver o seu proxecto final. Practicaremos o uso de ferramenta como Comentarios, Probas, Tarefas, Obradoiros e Resultados para poder aplicar os diferentes tipos de avaliación necesarios: avaliación diagnóstica inicial, avaliación procesual e avaliación final, así como os tres puntos de vista desde os que se poden practicar: autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.

-  **Foro de debate:** a avaliación na formación na rede.
-  **3.1 Configura unha enquisa "Comentarios":** Avaliación diagnóstica. Ferramenta idónea para avaliar, por exemplo, a situación inicial dos participantes recollendo datos de xeito organizado e doado de analizar. **Que ferramentas de avaliación poden empregarse para**

analizar os coñecementos previos dos participantes?

-  3.2 Configura unha "Proba" (test): *Avaliación procesual*. As probas tipo test, de resposta pechada ou aberta e corrección automática semellan ser idóneas para facilitar a autoavaliación dos participantes controlada pola titoría e cualificada. **Sabes configurar este tipo de probas?**
-  3.3 Configura unha "Tarefa" con guía de corrección: *Avaliación procesual*. **Avaliación procesual**. Sen dúbida a actividade de avaliación máis empregada nos cursos virtuais creados con Moodle. Útil e axeitada para a avaliación procesual, especialmente cando se usa coa "Cualificación avanzada". **Sabes configurar unha Guía de corrección?**
-  3.4 Configura un "Obradoiro": *Avaliación procesual e final*. A única ferramenta de avaliación de Moodle concibida para practicar doadamente as tres facetas da avaliación: auto, co e heteroavaliación. **É posible practicar a avaliación inter pares (coavaliación) entre participantes nun curso na rede?**
-  3.5 Avaliación da tarefa 1.3 Elabora a Guía do curso. Nesta tarefa avalíase a Guía do curso iniciada no Módulo 1. Cómpre agora revisala e cualificala. **Que aspectos básicos debe incluír unha guía dun curso Platega?**

Módulo 4. Proxecto final e avaliación do curso, para a revisión final do proxecto e a avaliación deste curso.

-  4.1 Revisa o teu proxecto final.
-  Avaliación do curso
-  Avaliación das subcompetencias e certificación da formación

7. Seguimento e desenvolvemento do curso.

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO		
Módulo 0. Presentación e actividades iniciais		
Nº	Actividade	Datas
	Participa nun curso virtual en Platega	Do 28 de setembro ao 4 de outubro 3 horas
	Cal é o teu punto de partida?	
	Normas de Netiqueta na rede	
	Cuestionario sobre o Protocolo de participación nos cursos Platega	
Módulo 1. Deseño tecno-pedagóxico do curso virtual		
Nº	Actividade	Datas
1.1	Coñece e aplica as especificacións dos cursos Platega	Do 28 de setembro ao 13 de outubro 15 horas
1.2	Deseña un curso acorde coas directrices e especificacións dos cursos Platega	
1.3	Elabora a Guía do curso	
1.4	Atribúe a propiedade intelectual dos recursos propios e alleos	
1.5	Referencia correctamente sitios web ou documentos ubicados en Internet	
Módulo 2. Crear cursos virtuais e empaquetar contidos		
Nº	Actividade	Datas
2.1.1	Configura un curso virtual para Platega	

2.1.2	Insire as subcompetencias profesionais docentes no curso	Do 11 de outubro ao 8 de novembro 15 horas
2.1.3	Configura foros para un debate organizado en subgrupos	
2.1.4	Empaqueta contidos e os publica como sitios web	
2.2	Configura o Cualificador	
Módulo 3. Avaliación nos cursos Platega		
Nº	Actividade	Datas
3.1	Configura unha enquisa "Comentarios": Avaliación diagnóstica	Do 5 de novembro ao 29 de novembro 15 horas
3.2	Configura unha "Proba" (test): Avaliación procesual	
3.3	Configura unha "Tarefa" con guía de corrección: Avaliación procesual	
3.4	Configura un "Obradoiro": Avaliación procesual e final	
3.5	Avaliación da tarefa 1.3 Elabora a Guía do curso	
Módulo 4. Proxecto final e avaliación do curso		
Nº	Actividade	Datas
4.1	Revisa o teu proxecto final	Do 29 de novembro ao 9 de decembro 2 horas
	Avaliación das subcompetencias e certificación da formación	

8. Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Foro de presentación dos participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto ao resto da comunidade de aprendizaxe, coma aos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación coa titoría:

- **A través dos foros** existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou o foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións ou *posts* no foro.
- **A través do sistema de mensaxería interna** da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre ti e o teu comunicante, xa sexa o/a titor/a ou calquera outro participante.

9. Avaliación

As tarefas obrigatorias (ou sexa, que puntúan) indican as **evidencias** que deben amosarse e os **indicadores de logro** da súa adquisición e os **criterios de corrección**. Os desempeños avalíaranse empregando guías de corrección.

Practicarase unha avaliación inicial para analizar os coñecementos iniciais. Durante o desenvolvemento dos módulos practicarase unha avaliación procesual na que se detectarán os atrancos de cada participante para a súa resolución; fomentarse a autoavaliación que se practicará en cada tarefa mediante indicadores de logro e criterios de corrección, coñecidos polos participantes e que aplicarán ás súas tarefas. A avaliación sumativa final levarase a cabo a través do proxecto final. Avaliaremos (avaliación procesual) as tarefas necesarias para desenvolver o proxecto final de diferentes xeitos: algunhas serán autoavaliadas, outras auto e coavaliadas e outras avaliadas pola titoría (heteroavaliación). Empregaremos guías de corrección e rúbricas.

As tarefas de cada módulo que estean incompletas ou sexan mellorables, é dicir aquelas que non logren a puntuación máxima segundo os indicadores de logro e os criterios de corrección, poderanse reenviar ata 3 veces, sempre dentro do rango de datas asignadas ao seu módulo, perdendo o dereito á revisión e recualificación se se envían fora do prazo asignado ao módulo nesta Guía. Por elo, é moi conveniente enviar pronto as tarefas e deixar unha marxe de tempo prudencial para poder reenvialas se non tiveran a puntuación máxima.

No enunciado de cada tarefa infórmase dos pasos para realizala, dos indicadores de logro usados para determinar se están logrados os desempeños e os criterios de corrección así como da puntuación da tarefa na cualificación final do curso.

Dicíamos que practicaremos a avaliación dos desempeños dende tres puntos de vista: **autoavaliación** cada un de si mesmo, **coavaliación** inter pares e **heteroavaliación** da titoría. As tres avaliacións tomarán os indicadores de logro como criterio e referencia.

- As tarefas do módulo 1 *Deseño tecno-pedagóxico do curso virtual* avaliaráas a titoría.
- Catro tarefas do módulo 2 *Crear cursos virtuais e empacar contidos* auto e coavaliaranse nun obradoiro supervisado pola titoría. Unha 5ª tarefa avaliaráa a titoría.
- O módulo 3 *Avaliación nos cursos Platega* consta de 6 tarefas tamén auto e heteroavaliadas pola titoría.

A cualificación das tarefas destes tres módulos aportará o 80 % da cualificación final.

- No módulo 4 *Avaliación final* a titoría avaliará as dúas subcompetencias profesionais de cada participante, que aportará o 20 % restante.

Por iso, a cualificación final deste curso terá basicamente dous compoñentes: **a avaliación das tarefas feitas para desenvolver o proxecto final, que aportará un 80%, e a avaliación das dúas subcompetencias profesionais, que aportarán en total un 20 % da cualificación final**, mediante a escala-Platega Inexistente-Iniciada / En proceso / Conseguida / Excelente. **Cualificación final.**

Na Orde de 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG Núm 96 do 22 de maio de 2013) indícase no seu capítulo V, artigo 23, que *“nas actividades de formación en rede será indispensable, para obter a certificación, a avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese”*.

Nome da tarefa	Ponderación	Puntos	Avaliación
Módulo 0 Presentación			
Foro de presentación dos participantes	0 %	0	
Normas de Netiqueta nun curso na Rede	0 %	0	
Cuestionario sobre o Protocolo de participación nos cursos Platega	0 %	0	
Total	0 %		
Módulo 1 Deseño tecno-pedagóxico			
1.1 Coñece e aplica as especificacións dos cursos Platega	16 %	4,8	Guía corrección 0 – 9 puntos
1.2 Deseña un curso acorde coas directrices e especificacións dos cursos Platega	50 %	15	Guía corrección 0 – 32 puntos
1.3 Elabora a Guía do curso		---	
1.4 Atribúe a propiedade intelectual dos recursos propios e alleos	20 %	6	Guía corrección 0 – 15 puntos
1.5 Referencia correctamente sitios web ou documentos publicados en Internet	14 %	4,2	Guía corrección 0 – 10 puntos
Total	30 %		
Módulo 2 Crear cursos e paquetes			
2.1.1 Configura un curso virtual para Platega	34,5 %	10 (Envío 7 puntos) (Avaliac. 3 puntos)	Obradoiro de avaliación Rúbrica
2.1.2 Insire as subcompetencias profesionais docentes no curso			
2.1.3 Configura foros para un debate organizado en subgrupos			
2.1.4 Empaqueta contidos e publica paquetes como sitios web			
2.2 Configura o Cualificador	65,5%	19	Guía corrección 0 – 47 puntos
Total	29 %		
Módulo 3 Avaliar nos cursos Platega			
3.1 Configura unha enquisa "Comentarios": Avaliación diagnóstica	20 %	4.2	Guía corrección 0 - 14 puntos
3.2 Configura unha "Proba" (test): Avaliación procesual	20 %	4.2	Guía corrección 0 -22 puntos
3.3 Configura unha "Tarefa" con guía de corrección: Avaliación procesual	20 %	4.2	Guía corrección 0 - 23 puntos
3.4 Configura un "Obradoiro": Avaliación procesual e final	20 %	4.2	Guía corrección 0 - 28 puntos
3.5 Avaliación da tarefa 1.3 Elabora a Guía do curso	20 %	4.2	Guía corrección 0 – 12 puntos
Total	21 %		
Avaliación das subcompetencias			
Competencia 1. Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a	50 %	10	Escala: Iniciada / Excelente
Subcompetencia 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfln.			
Competencia 4. Investigador/a e innovador/a			

Subcompetencia 19. Realización e execución de propostas.	50 %	10	
Total	20 %		
Puntuación total	100		

11. Aplicación práctica nas aulas

Como consecuencia deste curso deberán producirse estas **transferencias**:

- Os creadores/titores dos cursos Platega actuais poderán revisar, redeseñar, actualizar... os cursos por eles creados ou titorizados, adaptándoos ao modelo de competencias profesionais docentes e ás directrices e especificacións do CAFI.
- Os creadores de novos cursos Platega deseñarán e crearán cursos para desenvolver no profesorado as competencias profesionais docentes, creados a partir do Modelo de cursos Platega e de acordo coas directrices e especificacións do CAFI.

Nos dous casos os cursos enfocaranse cara ás competencias profesionais docentes.

Impacto esperado. Estas transferencias deberán mellorar a calidade dos cursos ofertados en Platega e o profesorado participante recibirá unha formación centrada nas competencias profesionais.

12. Requisitos para seguir o curso

Para participar neste curso é necesario ter competencia dixital no manexo de Moodle, nivel de creador / editor de cursos, e de eXeLearning, nivel de creador editor de paquetes de contidos coñecendo e sabendo empregar os diferentes iDevices desta aplicación.

Son necesarios os seguintes desempeños, que os participantes posuirán antes do inicio do curso:

- Crea e configura un curso virtual.
- Móvese por un curso virtual.
- Edita a configuración e os contidos dun curso.
- Usa o editor de texto de Moodle.
- Xestiona os seus ficheiros na Plataforma.
- Insire e maqueta imaxes co editor de Moodle.
- Xestiona o banco de preguntas para crear "probas".
- Organiza os Bloques de Moodle.
- Engade e configura recursos de Moodle: "Etiqueta", "Páxina", "Cartafol", "URL", "Libro", "Ficheiro"
- Engade e configura actividades de Moodle "Foros", "Base de datos", "Conversa", "Glosario", "Tarefa", "Wiki"
- Crea paquetes de contidos con eXeLearning mesmo con actividades interactivas de autoavaliación.

13. Protocolo para participar nos cursos Platega

Publicado en: https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/pluginfile.php/51842/mod_resource/content/9/index.html

Os cursos ofertados en Platega contribuirán ao desenvolvemento das competencias profesionais docentes establecidas pola Rede de Formación do profesorado galego. Os participantes nestes cursos guíaranse polo seguinte Protocolo:

- As persoas participantes en cursos Platega deben empregar a súa conta de correo institucional (+++++@edu.xunta.gal) para a inscrición en Fprofe e

realización dun curso na Rede. A vía oficial de comunicación é esta conta de correo sendo responsabilidade do ou da participante consultala coa frecuencia necesaria e mantela sempre operativa (contrasinal actualizado, cota de almacenamento non excedida...).

2. A normativa que regula as actividades formativas na Rede atópase na [Orde do 14 de Maio de 2013](#) e mais no plan anual de formación do profesorado. Calquera dúbida ao respecto debe consultarse coa persoa coordinadora do curso.

3. A coordinación do curso é a encargada das cuestións administrativas do curso tales como a súa apertura e peche, baixas de participantes, atender en segunda instancia as solicitudes de revisión das cualificacións emitidas mentres o curso estea aberto e calquera outra de índole organizativo ou de certificación.

4. A titoría encárgase de dinamizar os foros, resolver as dúbidas e consultas feitas nos foros do curso ou por mensaxaría interna, revisar e cualificar as tarefas, atender en primeira instancia as solicitudes de revisión das cualificacións emitidas.

5. No momento da selección as persoas inscritas recibirán un correo no que serán informadas da súa situación:

a. **Seleccionado/a:** deberán confirmar ou renunciar á súa participación no prazo indicado no correo electrónico. Despois dese prazo enténdese que a persoa renuncia á súa participación e o propio sistema (Fprofe) xestionará a renuncia. En caso de ter dificultades que impidan confirmar dentro do prazo será preciso poñerse en contacto coa persoa coordinadora do curso por correo electrónico.

b. **Non admitido/a:** non poderán participar por ter xa superado o mesmo curso, non ter destino asignado, atoparse en situación de incapacidade temporal ou estar realizando outra actividade en Platega nas mesmas datas.

c. **Reserva:** formarán parte da lista de reservas e poderán resultar seleccionadas nos días posteriores, polo que é importante consultar o correo de maneira frecuente.

6. O día da apertura do curso recibirá a mensaxe de apertura da persoa coordinadora do curso na que atopará a ligazón ao curso. Recibirá tamén a mensaxe de benvida da persoa titora coas primeiras instrucións para comezar o curso.

7. En Platega (<https://www.edu.xunta.es/platega>) deben entrar no curso canto antes e consultar a información, tarefas, contidos... así como a Guía do curso no módulo de presentacións pois cabe a posibilidade de que fose actualizada.

8. É imprescindible iniciar o curso presentándose no Foro de presentacións do curso durante os primeiros días do curso. De non facelo causará baixa e perderá o dereito a participar en actividades formativas durante o resto do curso escolar en aplicación do artigo 7.8 da Orde do 14 de Maio de 2013.

9. Unha vez iniciado o curso os **abandonos** comunicados á titoría ou á coordinación e non xustificados debidamente provocarán a exclusión da actividade e a perda do dereito a participar en actividades formativas durante ese curso escolar.

10. As **comunicacións dos participantes coa coordinación ou coa titoría** do curso realizarase a través dos foros de consultas e dúbidas do curso. En caso de necesitar algunha comunicación que non se considere que se deba compartir en tales espazos públicos, cando fale de situacións persoais ou privadas, utilizarase a mensaxaría interna do curso.

11. Cando **xurdan dúbidas ou problemas** consultarase os foros de consultas e dúbidas do tema correspondente. No caso de non atopar resposta ou solución engadirase un fío novo poñendo un título significativo, evitando títulos xenéricos, describindo a dúbida ou o problema con todos os datos necesarios. A titoría responderá por ese mesmo medio nun prazo máximo de **48 horas**, salvo en fins de semana, festivos, vacacións. Os participantes poden, e deben, axudarse entre eles polo que calquera participante poderá responder as dúbidas ou problemas formulados polos compañeiros e compañeiras.

12. As **intervencións en foros**, e en xeral no curso, deben ser respectuosas co resto dos participantes. As comunicacións nos espazos públicos da aula virtual deberán ser orientadas á formación nas competencias obxecto do curso, e non se empregarán como medio de difusión de cuestións persoais, alleas á materia do curso.

13. Envío, avaliación e cualificación das tarefas.

a. As tarefas cualificables deben entregarse nos prazos establecidos na Guía do curso.

b. Se despois da primeira avaliación e cualificación pola titoría non se acadase a máxima puntuación, poderase reenviar ata en dúas ocasións máis para revisala, melloralala, completala ... seguindo as indicacións da titoría. Estes tres envíos realizaranse dentro do prazo asignado ao módulo correspondente; para facilitar isto evitase o envío de tarefas nos últimos días dos prazos dos módulos e posibilitar, se procedese, o seu reenvío dentro do seu prazo.

c. Unha vez rematado o prazo e se non se tivesen esgotados os tres envíos, poderase enviar unha vez durante a seguinte semana ao remate do módulo correspondente, sen posibilidade de novos reenvíos, salvo que a titoría o permita por non ter podido revisala no seu prazo debido á acumulación de tarefas para revisar coincidindo co final do módulo.

d. Chegados ao final do curso a titoría poderá permitir o reenvío excepcional de tarefas que sumen un 10 % de puntuación total aos participantes que acumulen o 70 % sen chegar ao 80 % do total das puntuacións e deste xeito poder chegar á puntuación mínima para certificar a formación.

14. Se no curso se realizan tarefas, actividades, traballos... en grupos colaborativos atenderase aos prazos sinalados e colaborarase cos participantes do grupo para non prexudicar a ningún.

15. As tarefas e actividades presentadas deberán ser orixinais. Se se detectasen tarefas plaxiadas anularanse e perderase a súa puntuación correspondente a elas. No caso de que dúas ou máis persoas presentasen a mesma tarefa a sanción aplicarase a todas elas.

16. Se no curso se realizan “Obradoiros” de auto e coavaliación prestarase

especial atención ás datas das súas fases de envíos e de avaliación, pois non respectar os seus prazos demora e prexudica a todo o grupo. Quen non entregase o seu traballo ou non realizase as coavaliacións nos prazos establecidos no calendario do obradoiro perderá a puntuación desa Tarefa.

17. Reclamación das cualificacións das tarefas

a. Cando un participante estime que unha cualificación recibida nunha das tarefas avaliáveis do curso ou no proxecto final non se axusta ao establecido nas especificacións do curso poderá solicitar a súa revisión mediante un correo electrónico dirixido á persoa titora no que xustificará o motivo.

b. Se a titoría non respondese nun prazo de 48 horas, o participante poderá solicitar a revisión de cualificacións obtidas nas tarefas perante a coordinación do curso mediante correo electrónico.

c. Recibirá a resolución da revisión mediante correo electrónico da titoría. No caso de que a titoría ratifique a súa cualificación, o participante recibirá un correo electrónico coa súa xustificación. A coordinación do curso recibirá copia deste correo electrónico co cal queda presentada perante a coordinación.

d. Se a coordinación ratifica a cualificación e persiste a desconformidade, poderá presentala ante o director do CAFI en cafi@edu.xunta.gal

18. Ao rematar o curso debería responder a enquisa en Fprofe, da que recibirá aviso no correo electrónico.

19. O curso, tras o seu remate, permanecerá accesible aos participantes durante o curso escolar de celebración.